




SI NOS UNIMOS
TODOS, PODEMOS
CONSEGUIR COSAS
QUE ARREGLAN
EL MUNDO

Organigrama de actividades formativas

Centro educativo e lugar:
Escola Equipo, Murcia.

Data de realización: Curso escolar 2017- 2018.

Persoas de contacto: **María Gasperetti,**
Susana Baño,
Salvador López.

Datos de contacto:
direccion@eequipo.e.telefonica.net

**Contexto do centro,
nivel educativo e perfil do alumnado:**

Escola Equipo é un centro concertado de integración dunha única liña que abrangue as etapas dende o 2º ciclo de Infantil ata 4º de E. S. O. e dúas aulas abertas.

Atópase situado nun barrio periférico de Murcia, enraizado na horta, cunha poboación dun nivel socioeconómico medio-baixo.

Breve descripción da experiencia

En que consistiu?

Organización anual de actividades formativas baixo a temática «dereitos humanos e valores en clave de accións que moven o mundo» no ámbito dos coidados da nosa contorna e no fomento da participación de pais, nais e colaboradores e colaboradoras no proxecto educativo, adaptando e enfocando cada unha das actividades aos diferentes niveis (alumnado) e/ou sectores de toda a comunidade.

Non se trataría, daquela, dunha experiencia única, senón dun conxunto de experiencias e actividades con carácter permanente que, en conxunto, contribúen a camiñar cara á consecución dos obxectivos marcados.

A participación e organización do centro artéllanse a través de tres grandes eixes que rexen o funcionamento e o traballo neste: a formación en valores, o coidado da contorna e a xestión da participación na comunidade educativa.

No noso proxecto educativo ten un gran protagonismo a formación en valores baseada nos Dereitos Humanos e noutros esenciais para a educación como son a responsabilidade, a igualdade, a dignidade, a empatía, o respecto, a liberdade, a tolerancia, a flexibilidade, a curiosidade, a solidariedade, a interculturalidade, a cooperación, o compañeirismo, a asertividade, a creatividade, a coeducación e a autonomía, entre outros.

Outro dos alicerces que temos moi presente é o respecto, o coñecemento, a conservación e o coidado da contorna, tendo unha visión global de preservación do planeta.

Así mesmo, vemos esencial, para traballar e camiñar cara a unha Educación para unha Cidadanía Global e Transformadora que permita o logro destes obxectivos comúns, a implicación e participación de todos os axentes que compoñen a nosa comunidade educativa.



Breve descripción da experiencia

A **formación en valores** impregna o día a día do noso centro, pois se ve reflectida en multitude de actividades e metodoloxías:

- **Se falamos das aulas, os alumnos e os docentes realizan actividades conxuntas como:**
 - Acordos de convivencia.
 - Asemblea de aula: resolución de conflitos, revisión de responsabilidades, formación en temas sociais etc.
 - Desenvolvemento do tema formativo do trimestre: debuxos, murais, poesías, redacción de artigos para o xornal escolar, deseños para o calendario anual etc.
 - Tutorías entre iguais.
- **Se falamos do centro:**
 - O claustro elixe o tema formativo do trimestre; por exemplo, neste curso escolar foron os Obxectivos de Desenvolvemento, para despois artellalos cos alumnos, realizando dinámicas, recitais, escenificacións, murais, artigos para o xornal escolar, deseños do almanaque anual etc.
 - E, da man de toda a comunidade educativa (familias, persoal non docente, alumnado, docentes e colaboradores), realizamos convivencias, escolas de pais, asembleas; levamos a cabo as responsabilidades que axudan co bo funcionamento do centro (patio, comedor, biblioteca, ludoteca, limpeza...); realizamos actividades extraescolares deseñadas para que todo o alumnado teña acceso a elas; organizamos aulas de natureza e campamentos etc.
- **A incidencia no barrio ou na contorna concrétase mediante:**
 - A divulgación do noso xornal: que publicamos cada trimestre coas achegas de todos os alumnos e alumnas do centro (infantil, primaria e ESO).
 - A divulgación do calendario: tamén deseñado coas ideas e achegas do alumnado, que o elabora arredor do tema de formación do trimestre.



Breve descripción da experiencia

- Apoio e participación nas mobilizacións sociais en que se ve involucrada toda a comunidade educativa: reivindicacións sociais, recollida de sinaturas, manifestacións, folgas etc.

O coidado da contorna é outro dos alicerces que teñen gran presenza no noso centro.

- **Se falamos da aula:**

- O alumnado é o encargado da limpeza da súa aula.
- A concienciación do coidado, arranxo e reutilización do material.
- Xestión do material en común, pois o material escolar (libros, lapis, bolígrafos etc) é mercado e proporcionado pola escola para asegurar que todos os alumnos e alumnas dispoñan del e non crear un gasto innecesario.
- Reciclahe dos residuos.

- **Se falamos do centro:**

- O alumnado é o encargado de regar as plantas, a recollida de papeis do patio e a concienciación sobre o ruído ambiental e as súas consecuencias a través da realización de murais e outras actividades.
- O alumnado, xunto cos docentes e o persoal non docente, encárgase da planificación, mantemento, estudo e colleita da horta escolar, e da decoración dos corredores con murais; e participa en actividades formativas complementarias: aulas de natureza, campamentos, programas educativos (centros ambientais e de recuperación de pobos abandonados), viaxes de estudos, saídas de interese socioambiental etc.
- O conxunto da comunidade educativa implícase en xornadas de traballo centradas na limpeza e o mantemento do centro, no coidado das persoas, tendo e desenvolvendo unha conciencia de grupo, así como na asunción das responsabilidades do centro: patio, comedor, biblioteca, ludoteca, limpeza etc.



Breve descripción da experiencia

- **Se falamos do barrio, realízanse diferentes iniciativas:**
 - Preservación e limpeza da contorna: canles de rego, ribazos, beiras etc.
 - Apoio e participación en mobilizacións sociais: reivindicacións sociais, recollida de sinaturas, manifestacións («Murcia no se vende», «Soterramiento de las vías» etc.).
 - Solicitude de aumento de contedores de reciclaxe ás institucións.
 - Melloras na accesibilidade: aparcamento, educación viaria, acondicionamento de accesos etc.
 - Realización de rutas de sendeirismo organizadas pola AMPA as fins de semana.

Para organizar y realizar todas estas actividades y dinámicas de funcionamiento es imprescindible la gestión adecuada de la participación de todos los agentes implicados en la comunidad educativa a través de diferentes órganos de gobierno y espacios:

- **Se falamos da aula:**
 - Titorías.
 - Consello escolar.
 - Responsabilidades: comedor, patio, limpeza, hamaquiñas, biblioteca, ludoteca...
 - Eventos: final de trimestre, días conmemorativos (Paz, Dereitos da Infancia etc.), recitais...
- **Se falamos do centro:**
 - A AMPA, a través de asembleas, Consello Escolar e as vogalías (grupos de traballo con representación da AMPA, o claustro e outros colaboradores que traballan para mellorar certos aspectos: cultura, mantemento, lecer, comedor, accesibilidade etc.).
 - Os colaboradores, a través de obradoiros, actividades extraescolares, contacontos, concertos, rutas de sendeirismo, charlas etc.
 - O Claustro, a través do Consello Escolar, escolas de pais, titorías, xuntanzas, convivencias, entrevistas de pais, asembleas, eventos de final de trimestre etc.



Breve descripción da experiencia

- A Asociación Cultural, unha organización que apoia o proxecto da Escola, composta por colaboradores, docentes, persoal non docente, antigos traballadores e traballadoras e persoas implicadas na construción e evolución do centro e da súa filosofía. Esta entidade participa a través do Consello Escolar e das asembleas nas que se debaten liñas de avance, metodoloxías...

- **A nivel de barrio, mantemos contacto e traballamos conxuntamente con diferentes asociacións ou organizacións con diferentes obxectivos:** realizar o seguimento de certo alumnado ou familias, garantir o apoio escolar que poida precisar o alumnado, realizar formacións tanto de familias como de docentes etc. Algunhas destas entidades son: Cruz Vermella, Banco de Alimentos, InteRed, o Secretariado Xitano, ASSIDO, FUNDOWN, Plataforma Prosoterramiento etc.

Nas táboas finais vense resumidas e organizadas todas estas actividades e dinámicas de funcionamento.

Que me propuña?

Concienciar, motivar e mobilizar a nosa comunidade educativa na realización de actividades formativas que teñan a súa concreción en iniciativas a nivel de aula, centro educativo e barrio (sociedade).

Que fixen e como o fixen?

Planificar e desenvolver, de forma gradual nos ámbitos apuntados, a realización de actividades que conectasen cos obxectivos educativos escollidos.

Que logros conseguín/ conseguimos?

Os logros percíbense nun mellor coñecemento dos nosos procesos educativos por parte de toda a comunidade, no fortalecemento das relacións de colaboración entre AMPA, educadores, alumnado e colaboradores, e na concreción de accións formativas que dan

Breve descripción da experiencia

Que elementos da
estrutura escolar
e do contexto
penso que foron
un apoio ou un freo
para conseguir
os logros?



visibilidade aos obxectivos marcados. Así, evidenciamos os efectos e consecuencias deste proxecto, o que nos fai seguir a traballar por intentar compensar as desigualdades que existen, xerando oportunidades que algúns alumnos non poden gozar na súa contorna máis próxima, facilitando ambientes de socialización sans e baseados nos principios dunha educación en valores, potenciando iniciativas e estratexias de desenvolvemento e convivencia.

Vemos todo isto reflectido en multitude de experiencias, nas que apreciamos un cambio positivo e substancial en diferentes alumnos, familias e, por consecuencia, en sociedades que se ven enriquecidas polo traballo e o esforzo dunha comunidade educativa implicada e transformadora.

O elemento principal que propicia o bo funcionamento deste proxecto é esencialmente a participación e implicación de toda a comunidade: o claustro, o Consello Escolar, a AMPA e o propio alumnado. Este motor fai que sexa unha construción conxunta forte e sólida para ir afrontando as dificultades que poidan xurdir, e avanzar en todos os ámbitos, en termos xerais, nunha mesma dirección. Para facelo, créanse moitos espazos que fomentan o diálogo e a reflexión conxunta, desde unha perspectiva transversal.

Este traballo conxunto, á súa vez, é algo custoso, complexo e, en ocasións, dificulta o proceso, mais é algo propio do mesmo. Porén, temos que ser conscientes da importancia de coidar e mimar estas relacións e interaccións, para que, no canto de restar, sumen e sigan facéndonos medrar.

Outro aspecto que favorece o enriquecemento da experiencia é o apoio e confianza de todo o equipo, das familias e, nun ámbito máis amplo, de toda a comunidade, xa que potencia as accións descritas, multiplicando os seus efectos e sendo máis sinxelo lograr os obxectivos do proxecto.

Dada a complexidade deste proxecto educativo, é imprescindible que, especialmente, o claustro e o persoal non docente sexan conscientes

Breve descripción da experiencia

do esforzo e a implicación que supón e, por iso, no seu funcionamento traballamos formando un equipo interdisciplinar e complementario, no que todas somos elementos importantes para acadar os retos propostos.

Adoitamos atopar certas dificultades no traballo con algunhas familias que non comparten algúns aspectos ou que descoñecen a totalidade do proxecto.

Tamén é laboriosa a incorporación á dinámica destas actuacións dos/as alumnos/as que comezan na escola en cursos posteriores; pois non están afeitos ao nivel de implicación nas actividades e mesmo á necesidade de intervir investindo parte do seu tempo libre.

As institucións e as súas esixencias burocráticas afectan tamén ao noso funcionamento, xa que o investimento de tempo e traballo requirido en moitas ocasións dificulta o noso traballo directo co alumnado e coas familias; ou non son reflexo de toda a dedicación e traballo que realizamos.

Que aprendizaxes e retos extraio?

O traballo en equipo é o maior estímulo para alcanzar metas educativas reais e concretas, que sexan tanxibles para o alumnado e o resto da comunidade educativa.

Con este proxecto fomos madurando multitude de aspectos e adaptando o proxecto aos momentos sociais que fomos vivindo nos nosos xa case 50 anos de vida. Porque tivemos que ir dando resposta a multitude de necesidades que foron xurdindo e nas que vimos importante a nosa participación e implicación, sen nos cinxir unicamente ao noso rango de actuación propiamente dito, senón indo máis aló, para xerar unha transformación real que axude a avanzar á nosa comunidade e, en definitiva, en beneficio da sociedade.

Daquela comprendemos que, para que realmente exista este cambio substancial que buscamos, deben estar implicadas todas as partes da comunidade dunha forma activa e real. De seu isto xera unha dificultade propia, pola necesidade dun traballo conxunto cando os intereses ou



Breve descripción da experiencia

motivacións pode que non sempre sexan compartidos con todos os compoñentes da comunidade educativa.

Outro dos grandes retos é ir avanzando e medrando de forma que os cambios que vaíamos realizando non mingüen o proxecto nin a súa incidencia. Para conseguilo, cómpre realizar grandes reflexións, análises e acordos por parte de todos e organizar debates, asembleas e espazos de encontro que propicien ademais un ambiente construtivo, horizontal e respectuoso, encamiñado a lograr os obxectivos marcados ou dar solución ás dificultades atopadas.

Persoas ou organizacións que participaron na preparación e execución da experiencia:

Claustro, Consello Escolar, alumnado, familias, AMPA, Asociación Cultural, colaboradores e colaboradoras. O deseño e a concreción da maior parte de actividades estiveron precedidos pola posta en marcha de comisións de traballo específicas para cada temática.

Recursos ou materiais de apoio/referencia:

Personas u organizaciones que han participado en la preparación y ejecución de la experiencia:

PARTICIPACIÓN E ORGANIZACIÓN ESCUELA EQUIPO				
FORMACIÓN EN VALORES		CUIDADO DA CONTORNA		XESTIÓN DA PARTICIPACIÓN NA COMUNIDADE EDUCATIVA
Dereitos humanos	Valores esenciais para a educación	• Respetto • Coñecemento	• Conservación • Coidado	Necesidade de implicación de TODOS os axentes
Igualdade Dignidade Empatía Respetto Liberdade Tolerancia Flexibilidade Curiosidade Solidariedade	↓ Responsabilidade Interculturalidade Cooperación Compañeirismo Asertividade Creatividade Coeducación Autonomía	↓ Contorna próxima que é de todos ↓ Planeta que preservar		↓ Acadar obxectivo común ↓ Traballar conxuntamente nunha educación para unha cidadanía global e transformadora



Breve descripción da experiencia

FORMACIÓN EN VALORES		
ENTORNO	ACTIVIDADES	AXENTES
AULA	• Acordos de convivencia	Alumnado e docente
	• Asamblea de aula: resolución de conflictos, revisión responsabilidades, temas sociais...	Alumnado e docente
	• Desenvolvemento do tema do trimestre: debuxos, murais, poesías etc.	Alumnado
	• Tutoría entre iguais	
CENTRO	• Elección do tema do trimestre	Claustro
	• Desenvolvemento tema do trimestre: murais, recitais, dinámicas, xornal, almanaque etc.	Claustro e alumnado
	• Convivencias	Comunidade educativa
	• Escola de pais	
	• Asembleas	
	• Responsabilidades: patio, comedor, biblioteca, ludoteca, limpeza etc.	
	• Actividades extraescolares	
BARRIO	• Aulas de natureza e campamentos	
	• Xornal	Alumnado e claustro
	• Calendario	
	• Apoio e participación en mobilizacións sociais: reivindicacións sociais, recollida de sinaturas, manifestacións, folgas etc.	Comunidade educativa

CUIDADO DA CONTORNA		
ENTORNO	ACTIVIDADES	AXENTES
AULA	• Limpieza	Alumnado
	• Coidado do material: arranxo, reutilización etc.	Comunidade educativa
	• Material en común: libros, material funxible, material de aula etc.	Alumnado e docente
	• Reciclaxe	
CENTRO	• Rego de plantas	Alumnado
	• Recollida de papeis do patio	
	• Concienciación sobre o ruído ambiental e consecuencias: murais, actividades etc.	
	• Horta escolar: plantación, rego, mantemento, recolección, estudo etc.	Alumnado e docentes
	• Decoración corredores	
	• Actividades formativas complementarias: aulas de natureza, campamentos, programas educativos (centros ambientais e recuperación de pobos abandonados), viaxes de estudos, saídas de interés socioambiental etc.	
BARRIO	• Zafarranchos, limpeza e mantemento do centro	Comunidade educativa
	• Coidado das persoas: conciencia de grupo	
	• Responsabilidades: patio, comedor, biblioteca, ludoteca, limpeza etc.	
	• Limpieza da contorna: canles de rego, ribazos, beiras etc.	Alumnado e docentes
	• Apoio e participación en mobilizacións sociais: folgas, recollida de sinaturas, manifestacións, «Murcia no se vende», «Soterramiento de las vías»	Comunidade educativa
	• Solicitude do aumento de contedores de reciclaxe ás institucións	Alumnado
	• Accesibilidade: aparcamento, educación viaria, acondicionamento de accesos etc.	Claustro e AMPA
	• Rutas de sendeirismo	AMPA e alumnado

Breve descripción da experiencia

XESTIÓN DA PARTICIPACIÓN NA COMUNIDADE EDUCATIVA		
ENTORNO	HERRAMIENTAS DE PARTICIPACIÓN	AXENTES
AULA	• Titorías • Consello escolar • Responsabilidades: comedor, patio, limpeza, hamaquiñas, biblioteca, ludoteca etc. • Eventos: final de trimestre, días conmemorativos (paz, dereitos da infancia), recitais etc.	Alumnado e docentes
CENTRO	• Vogalías (grupos de traballo): cultura, mantemento, lecer, comedor, accesibilidade etc. • Consello escolar	AMPA
	• Obradoiros, extraescolares, contacontos, concertos, rutas de sendeirismo, charlas etc.	Colaboradores
	• Escolas de pais, titorías, xuntanzas, convivencias, entrevistas de pais, asembleas, eventos final de trimestre etc.	Claustro
	• Asembleas: liñas de avance, metodoloxías etc. • Consello escolar	Asociación cultural
Barrio	• Cruz Vermella • Intered • Secretariado Xitano • ASSIDO • Plataforma prosoterramiento • FUNDOWN • Seguimiento do alumnado e de las familias • Apoio escolar • Formación	Institucións e asociacións

Co apoio financeiro da:



Esta publicación forma parte dun convenio financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), I4-COI-642, «Movemento pola Educación Transformadora Global e a Cidadanía Global no eido da educación formal». O contido desta publicación é responsabilidade exclusiva das entidades que forman parte do movemento pola Educación Transformadora e a Cidadanía Global e non reflicte necesariamente a opinión da AECID.